



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE), a iniciativa dos seus deputados **Juan M. Fajardo Recouso, Antón Sánchez García, Xosé M. Beiras Torrado, Eva Solla Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de Motivos:

A empresa pública Navantia ven de outorgar o contrato de mantemento dos seus estaleiros na comarca de Ferrol a unha UTE formada por Ferrovial e Elinco, mediante un proceso de contratación no que non se contemplaba a subrogación da plantilla, que ata agora realizaba estes traballos; este contrato outorgado cunha diminución moi importante da cuantía económica a nova adxudicataria, unha vez máis demostra que as reducións de adxudicación son sempre soportadas polos traballadores e traballadoras. Esta adxudicación supón de facto a destrución de máis empregos dos que a anterior adxudicataria mantiña nos astelerios públicos.

Dende AGE denunciámos esta forma de facer, onde se están a priorizar os recortes de gasto, fronte as condicións de seguridade e traballo; calquera redución nos custes do mantemento supón un deterioro das condicións laborais e, polo tanto, da seguridade non só do propio servizo senón do conxunto de traballadores de Navantia. Ademais a decisión de entregar este contrato a unha empresa multinacional supón, que o conxunto dos cartos adicados ao mesmo, non vai a quedar na comarca de Ferrolterra, moi castigada pola crise e as

políticas neoliberais dos gobernos de turno, polo que no futuro esta situación suporá un deterioro económico da comarca que, de abrirse esta fenda, pode continuar en outros contratos dependentes do estaleiro público.

Polo exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- * Que de forma inmediata se dirixa a dirección de Navantia, co obxectivo de garantir a subrogación dos traballadores adicados ao mantemento do estaleiro na nova empresa adxudicataria.
- * Se dirixa aos responsables da SEPI e do Goberno para que se introduzan cláusulas de subrogación en tódolos contratos das empresas públicas, e se de prioridade as empresas locais na concesión dos mesmos.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 08/03/2016 17:16:17

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 08/03/2016 17:16:25

Anton Sánchez García na data 08/03/2016 17:16:28

Ramón Vázquez Díaz na data 08/03/2016 17:16:31

Eva Solla Fernández na data 08/03/2016 17:16:34



Jose Javier Ron Fernandez na data 08/03/2016 17:16:37